


LA POLÍTICA DE LA COMPETENCIA EN EUROPA» Editorial ESIC, 2009. Sergio A. Berumen

Ante a escalada de quebras da actual crise económica e financeira internacional, hai quen sinala ao mercado como o principal culpable. De todo o visto quedan algunhas certezas. A primeira é que non é precisa máis, senón unha mellor regulamentación que permita detectar as estafas e xestións kamikazes cometidas por personaxes estafalarias e falsarias. A segunda é que resulta moi arriscado que o Estado por decreto cree institucións que en estricto sentido deben emanar do mercado. Neste libro desvélanse os esforzos realizados polos países europeos na loita contra monopolios, pirateiría e contrabando.




LOS NUEVOS ÁMBITOS DE LA DELINCUENCIA EMPRESARIAL» Bubok Publishing, 2009. José M. Ferro

Este libro analiza todos os “modus operandi” que interveñen nos delitos económico. Inclúe numerosos exemplos e supostos prácticos de plena actualidade para comprender o entramado empresarial e a súa evidente complexidade. Tamén se seleccionou xurisprudencia e resolucións xudiciais. Asinado por un criminólogo membro activo da Sociedade Española de Criminoloxía e Ciencias Forenses, este interesante traballo, que tamén se ofrece en versión e-book a dez euros menos que a de papel, é unha perfecta guía para coñecer todos os aspectos legais das novas modalidades delictivas no mundo dos negocios.



CÓMO TENER ÉXITO CON SU TIENDA VIRTUAL» Marc Schillaci, 2009. Inforbooks

Considerado por moitos profesionais do sector como a “Biblia” do e-comerciante, o título chega a España avalado pola gran acollida recibida en Francia, país no que superou a segunda edición e vendeu máis de 4.000 exemplares. Cunha traxectoria de máis de 10 anos traballando con miles de empresarios no sector online, Marc Schillaci -fundador e director xeral de Oxatis, unha solución de comercio electrónico- transmite consellos nun libro inspirado en casos concretos e na propia experiencia profesional. Nel atopamos explicacións completas sobre cómo obter os coñecementos especializados indispensables para o éxito.



GRATIS»

Ediciones Urano, 2009. Chris Anderson.

Anderson, un dos gurús da nova economía, asegura que se queres triunfar hai que ofrecer produtos e servizos a custo cero. Como Google. Para predicar co exemplo este ensaio non valía un céntimo se o usuario baixaba a versión dixital para o libro electrónico, aínda que con acceso restrinxido en tempo (cinco semanas) e territorios (USA ou UK). En España chega as nosas mans na versión clásica para os que gosten de ter o libro entre as mans e subliñar as ideas dun traballo entretido, que pon riba da mesa o debate sobre cómo as empresas deben comezar a redefinir os modelos de negocio ante os contidos libres e gratuítos que achega a rede.

